

INDICADORES PARA OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE 2030 A NIVEL DE COMUNIDADE AUTÓNOMA

No ano 2015 a ONU aprobou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, na que se fixaron 17 obxectivos, que inclúen desde a eliminación da pobreza ata o combate ao cambio climático, a educación, a igualdade da muller, a defensa do medio ambiente ou o deseño das nosas cidades. Cada un destes obxectivos contén unha serie de metas específicas, que particularizan as accións a desenvolver.

A partir desta aprobación, distintos organismos fóronse sumando á mesma a todos os niveis institucionais, desde organismos multinacionais a locais.

En novembro de 2016, a Comisión Europea expuxo o seu enfoque estratéxico para a aplicación da Axenda 2030, incluídos os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

O Goberno de España, en setembro de 2017, acordou a constitución do Grupo de Alto Nivel (GAN) para a Axenda 2030, co obxectivo de coordinar a posición española e as actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030.

En diferentes períodos de tempo, todas as comunidades autónomas fóronse adherindo á Axenda 2030, desenvolvendo as súas propias estratexias e asumindo o reto de aliñarse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.


En todos os casos expostos, é esencial o cálculo de indicadores que sirvan para medir o grao de cumprimento das distintas metas e obxectivos.

Para esta medición é imprescindible contar cos organismos estatísticos, ao ser estes os máis capacitados dentro dos distintos gobernos, para garantir a correcta definición e obtención dos indicadores a utilizar, tal e como se reflicte na resolución 71/313 da Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

O INE e os organismos de estatística das comunidades autónomas incluíron nos seus plans e programas estatísticos unha estatística sobre os indicadores da



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA



Apoiamos os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, que ten por obxectivo constituír un marco de indicadores estatísticos, aliñados cos establecidos por Nacións Unidas, que sirva para o seguimento, a diferentes niveis territoriais, dos obxectivos e metas da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas.

No ano 2019, co fin de levar a cabo un traballo coordinado no desenvolvemento dos indicadores das comunidades autónomas, constituíuse un grupo de traballo entre os organismos de estatística das comunidades autónomas, baixo a forma de rede colaborativa, co obxectivo de consensuar a metodoloxía de cálculo dos indicadores de Nacións Unidas para as comunidades autónomas, buscando alternativas ante os problemas de rexionalización ou pertinencia e garantindo, en todo caso, a comparabilidade.

Despois dun traballo intenso, cada comunidade autónoma dispón dunha batería de indicadores común e homoxénea e unha ficha metodolóxica estándar que os organismos estatísticos van difundir nas súas respectivas páxinas web.